

BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO “BRAÑAS DO ILLÓ-RÍO SAMO V”.

Este obradoiro de emprego é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade de persoas desempregadas. Dito obradoiro está subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, cofinanciado polo Ministerio de Trabajo e Economía Social e promovido polo Concello de Ordes xunto cos concellos de Frades e Mesía.

Impartiranse as especialidades seguintes:

AGAR0309: Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes.

AGAR0208: Repoboacións forestais e tratamentos siltvícolas: Para este certificado de profesionalidade, de nivel 2, é necesario cumprir cos requisitos de acceso sinalados no Real decreto 628/2011, de 13 de maio, que o regula.

O número total de alumnos/as traballadores/as é en total de 20 Alumnos/as traballadores/as, coa seguinte distribución por concellos:

- Concello de Ordes: 10
- Concello de Frades: 5
- Concello de Mesía: 5

Neste obradoiro están previstas as seguintes actuacións :

No concello de Ordes:

1. Cancela da Cheda.
2. Revolta de arriba.
3. Campo de fútbol de Barbeiros
4. Chousa do muiño de Vilariño.
5. Papeiras de arriba.
6. Brañas de Baldio.
7. Revolta de Mosqueira.
8. Monte do Pozo.
9. Fonteirina de arriba.
10. Espiñeira.
11. Valga.
12. Finca P-85
13. Parque empresarial de Merelle.
14. Local social de Parada.
15. Chousa Nova.

16. As Pontes .
17. Campo Lameiro .
18. Entre Regos.

No concello de Frades:

1. A Ponte Carballa.
2. Finca A Presa.
3. Praza da Ponte Carreira.
4. Área do Muíño de Céltigos.
5. Os Pasos de Aiazo.
6. Finca Casa do Maior
7. Piscina Municipal de Papucín.
8. Praza de Papucín.
9. Centro sociocomunitario
10. Local social de Mesos
11. Punto limpo de Frades-Mesía.

No concello de Mesía:

1. Área Recreativa de Olas.
2. Complexo deportivo de Xanceda
3. Viveiro municipal.
4. Finca de Rivas.
5. Finca Braña do Vilar.
6. Brañas de Valga.

O obradoiro terá unha duración de 12 meses. A contratación do alumnado-traballador ,será baixo a modalidade de “Contrato de formación en alternancia”, desenvolto segundo o Real Decreto/lei 32/2021 de Medidas urxentes para a Reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación no mercado de traballo. Non poderá, polo tanto, entrar na selección quen non poida desenvolver na especialidade correspondente un contrato dese tipo. Percibirán as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

A contratación do persoal directivo, docente, de apoio e administrativo será baixo a modalidade contractual ou na forma que dicte a normativa e as instrucións vixentes.

A data límite prevista para o seu inicio será a autorizada pola Xefatura Territorial da Coruña segundo se prevé na Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, publicada no Diario Oficial de Galicia, nº 46, do 8 de marzo de 2022.

Para a xestión e desenvolvemento do obradoiro contratarase ao seguinte persoal:

1 Director/a (xornada completa).

2 Mestres/as de especialidade:

- Para impartir a especialidade AGAR0309 Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes, 1 a xornada completa

- Para impartir a especialidade AGAR0208 Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas, 1 a xornada completa.

1 titor/a e mestre/a de ensino básico (50% da xornada).

1 auxiliar administrativo/a (xornada completa).

NORMAS XERAIS E PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN.

A selección será realizada pola entidade promotora e as entidades participantes no proxecto de obradoiro, tal e como o menciona a Orde, que serán a encargadas de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado dos programas e obradoiros duais de emprego que van a participar nos proxectos aprobados pola Comisión Central de Valoración seguindo a normativa reguladora para os obradoiros de emprego e as instrucións da Dirección Xeral de Formación e colocación en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado traballador dos obradoiros duais de emprego de data 26/04/2022.

A selección do alumnado-traballador, así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante no proxecto que se vai a poñer en funcionamento, será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

Nos criterios de selección de todo o persoal e alumnado-traballador procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade destas.

O grupo de Traballo Municipal, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

Así mesmo, as ditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos na correspondente orde de convocatoria e demais instrucións.

Unha vez analizada a normativa exposta, o sistema de selección fundamentarase nos procedementos que se indican a continuación:

1.-Grupo de traballo Municipal para a selección:

Como primeira medida para a xestión do obradoiro constituirase o Grupo de traballo Municipal. O Grupo de traballo Municipal ou Comisión de selección estará formado por tres persoas, en representación das entidades participantes no proxecto. A presidencia recaerá na persoa que actúe en representación da entidade promotora do proxecto.

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do Grupo de traballo Municipal nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

Se por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións do Grupo de traballo Municipal, algún compoñente non puidera acudir, poderá ser substituído por quen designen dende a entidade promotora, segundo sexa o caso. Nembargantes, o grupo de traballo considerarase válidamente constituído coa participación nas sesións de traballo dos tres compoñentes.

As decisión adoptaranse por maioría simple do grupo validamente constituído. Ademais, a persoa designada como presidente disporá de voto de calidade se fora necesario dirimir os posibles empates nas votacións.

As reunións do Grupo de traballo Municipal, así como outras especificacións da selección recolleranse nas actas do proceso correspondentes por triplicado.

Calquera comunicación ao Grupo de Traballo Municipal dirixirase áo Concello de Ordes, rúa Alfonso Senra, nº 108, 15.680, Ordes, A Coruña, ou a través da Sede electrónica da páxina web da entidade promotora: <https://sede.ordes.gal/>

Segundo o recollido na Orde, no seu artigo 14, punto 1, "As incidencias e reclamacións que se puideran suscitar, derivadas dos procesos de selección, serán resoltas polo Grupo de Traballo Municipal.

Segundo o recollido na Orde, no seu artigo 14 punto 2: "Calquera que sexa o sistema de selección utilizado, seguiranse os criterios e procedementos establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será de aplicación a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas aínda cando a entidade promotorasexa un organismo público. Neste último caso, o persoal e o alumnado-traballador seleccionados non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa."

2.- Procedementos de selección do Alumnado-traballador do Obradoiro:

Unha vez ditada a resolución de concesión da subvención para o obradoiro de emprego e establecidas as bases polo Grupo Municipal de Traballo, o Concello promotor tramitará a correspondente oferta na Oficina de emprego de Ordes, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo Grupo de Traballo Municipal.

Como parte do proceso de selección realizarase unha entrevista persoal para avaliar o seu interese en participar no proxecto e aptitudes, actitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas a súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo.

Con posterioridade, e despois de publicar no lugar no que se realizara a entrevista as puntuacións da mesma, aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego.

Parámetros da oferta

Sistema de selección: Oferta tipo T

Localidade: Ámbito dos Concellos de Ordes, Frades e Mesía. No caso de non atoparse candidatas/as suficientes, a sondaxe ampliaríase a concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade mínima: 18 anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación en alternancia nas especialidades impartidas.

Candidaturas: 3 por praza, de seren posible. Comezarase entre demandantes de emprego co código 320,330 "Casas de Oficio", 340, "Obradoiros de emprego"; ou 370, "Outros programas de formación de emprego, formación dual".

Criterios preferentes de selección: O grupo de traballo mixto deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11 da Orde do 21 de febreiro de 2022, (DOG núm 46, do 8 de marzo de 2022).

O grupo de traballo municipal dará preferencia ás persoas candidatas que non tiveran participado anteriormente nunha escola obradoiro ou obradoiro de emprego.

Xestión definitiva da selección

O grupo de traballo redactará a correspondente acta resultado da selección e a remitirá á xefatura territorial (Servizo de Formación para o Emprego e Orientación), acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

A documentación xustificativa que acheguen para que sexa baremada, cuxa relación figura no anexo I, será presentada a través de medios electrónicos, **A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE ORDES: <https://sede.ordes.gal/>, OU PREFERENTEMENTE NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO DE ORDES PRESENCIALMENTE CON ORIXINAL E COPIA DA MESMA.** Autorizarase por defecto ao Grupo de traballo Municipal á consulta de documentación que xa obra en poder da administración correspondente e que se detallará en dito anexo.

A non presentación de documentación xustificativa nos apartados nos que poida puntuarse, suporá que se lle adxudiquen 0 puntos nese apartado.

3.- Procedemento de selección do persoal directivo, docente, administrativo de apoio.

A entidade promotora tramitará as correspondentes ofertas de emprego para este persoal na Oficina de emprego de Ordes, que as xestionará para obter as candidaturas das que se procederá á selección definitiva.

Nas ditas ofertas adecuaranse os perfís das persoas solicitadas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas como demandantes de emprego e terá preferencia quen, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido, se atope en situación de desemprego (artigo 12.5).

Como resultado das ofertas presentaranse un máxima de 10 candidaturas por cada un dos postos para a súa avaliación.

O ámbito da sondaxe será o Concello de Ordes, Frades e Mesía. No caso de non se obter o número de candidaturas suficientes ampliarase, a outros concellos do ámbito territorial da Oficina de emprego de Ordes, segundo o sistema de xestión de ofertas do Servizo Público de Emprego de Galicia. As ofertas de emprego serán elaboradas pola entidade promotora, tramitaranse na oficina de emprego de Ordes e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia durante dous días.

A oficina de emprego poñerase en contacto coas persoas preseleccionadas, indicándolles o lugar e data da entrevista persoal na que se valorará a adecuación das mesmas aos postos de traballo ofertados. A documentación acreditativa dos méritos avaliábeis relacionados no currículo (ver baremos). deberá presentarse por medios electrónicos: **A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE ORDES: <https://sede.ordes.gal/>, OU PREFERENTEMENTE NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO DE ORDES PRESENCIALMENTE CON ORIXINAL E COPIA DA MESMA.**

As titulacións académicas, se xustificarán co correspondente título académico oficial e os cursos realizados xustificaranse cos correspondentes diplomas. No caso de cursos relativos á preparación informática duplicarase a puntuación base no caso dos realizados a partir do 1/01/2016.

A experiencia profesional, que deberá xustificarse:

-Traballo por conta allea: Vida laboral actualizada á anualidade de 2022 expedida pola TGSS e contratos laborais correspondentes para o contraste coa vida laboral. Computaranse os meses completos. Na ausencia de contratos de traballo, poderá xustificarse a ocupación desenvolvida con certificados de empresa ou calquera documento válido en dereito no que apareza indicada a mesma

-Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas xunto coa vida laboral á anualidade de 2022. Valoraranse os meses completos traballados. No caso de non estar obrigados, documento que lles exima da obriga de cotizar ou calquera documento válido en dereito que se considere suficiente por parte do Grupo de traballo Municipal.

- Traballos no estranxeiro: Certificación oficial traducida ó español, na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremo, nin terá lugar a entrevista.

O grupo de traballo Municipal levará a cabo as entrevistas, as valorará e publicará as puntuacións nos Concellos participantes no proxecto. Ademais, redactará as correspondentes actas, que serán obxecto de exposición pública e se remitirán á xefatura territorial (Servizo de Formación para o Emprego e Orientación). Con

posterioridade valorará os currículos conforme a os baremos e redactará a correspondente acta que se remitirán á xefatura territorial (Servizo de Promoción para o Emprego e Orientación). A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas no taboleiro electrónico da entidade promotora, así como na da xefatura territorial, na oficina de emprego de Ordes, así como na páxina web da entidade promotora e os demais concellos do proxecto, debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

3.1 CRITERIOS PARA DIRIMIR OS POSIBLES EMPATES ENTRE AS PUNTUACIÓNS DAS PERSOAS CANDIDATAS

- 1.- O maior tempo acreditado como desempleado (dende a derradeira inscrición na oficina de emprego).
- 2.- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- 3.- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- 4.- A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- 5.- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- 6.- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- 7.- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- 8.- O de maior idade.

3.1 INCOMPATIBILIDADE.

As persoas candidatas que na data de remate do proceso selectivo, estivesen prestando servizos a tempo completo nun obradoiro de emprego, non poderán ser propostos para a súa incorporación ao novo proxecto, polo que pasarán a integrar a lista de reserva, ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida no dito proceso de selección.

Publicacións e/ou notificacións. Contratación.

O grupo de traballo Municipal acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas, de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Esta publicación será, cando menos, no taboleiro electrónico da entidade promotora

Finalizada a derradeira fase, a entidade promotora procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento

As ditas puntuacións finais virán dadas pola suma dos puntos acadados en cada fase e determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes constituindo a proposta para a súa posterior contratación pola entidade promotora.

Ordes, na data da sinatura dixital.

Asdo: D^a Yolanda Cela Villaverde.

Asdo: D^a María José Sesmonde Quintero

Aedl do concello de Ordes,

Aedl do concello de Mesía.

Asdo: Pilar Carro Veiras.

Aedl do concello de Frades.

ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO

1.-MULLERES

Vítimas de violencia de xénero	2 puntos
Non puntuadas no apartado anterior	1 punto

2.-IDADE

18 - 29 anos	4 puntos
30 - 44 anos	1 punto
45 ou máis	3 puntos

3.-DISCAPACIDADE

Minusvalía > 33 %	1 punto
-------------------	---------

4.-PROTECCIÓN DE DESEMPREGO (xustificante: certificación ou resolución do Servizo Público de Emprego Estatal, ou calquera outro documento válido en dereito que acredite esta circunstancia)

Perceptores de desemprego	1 punto
Perceptores de subsidios, RAI, SED	2 puntos
Non perceptores	4 puntos

5.-TEMPO DE INSCRICIÓN COMO DEMANDANTE DE EMPREGO(Certificado períodos de inscrición)

Menos de 12 meses	1 punto
De 12 a 18 meses	2 puntos
Máis de 18 meses	4 puntos

6.-CATEGORÍA PROFESIONAL NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR (Xustificante: vida laboral)

Autónomos	0 puntos
Grupo de cotización do 1 al 7	0 puntos
Grupo de cotización 8	1 punto
Grupo de cotización 9	2 puntos
Grupo de cotización 10	3 puntos

FIRMADO POR María José Sesmonde Quinteiro (FECHA: 10/08/2022 13:28:00) , María Pilar Carro Veiras (FECHA: 10/08/2022 13:34:00) , Yolanda Cela Villaverde (FECHA: 10/08/2022 13:35:00) Versión imprimible

CVD: 8dPAwty84FRGxtJfHRaS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Sen emprego anterior	4 puntos
----------------------	----------

7.-PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL.

(Xustificación: certificación dos servizos sociais do concello ou entidade local respectiva ou do, da Consellería de Política Social e Xuventude):1 punto

8.-FORMACIÓN ACADÉMICA (Xustificación: título académico, certificación académica ou calquera outro documento válido en dereito que acredite esta circunstancia)

Ata graduado en ESO	3 puntos
Bacharelato/BUP e Ciclo Medio de Formación Profesional	2 puntos
Títulos universitarios e Ciclo Superior de Formación Profesional	1 punto

9.-RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA (entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella) Xustificación: libro de familia ou certificado de convivencia do Concello ou calquera outro documento válido en dereito.

unidade familiar de 4 ou máis membros	1 punto
monoparental con fillo/s	1 punto

10. OUTROS:(IPI).....1 punto.

11.-Persoas Que Non Participaran Nun Obradoiro Ou Escola-Taller De Igual Ou Distinta Especialidade Con Anterioridade.....2 puntos.

12.-ENTREVISTA:..... Ata 12 puntos.

Moi importante: A documentación a aportar polo alumnado-traballador irá especificada no momento que sexan convocados para o proceso selectivo pola oficina de emprego de Ordes E IGUALMENTE ESPECIFICARASE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DA MESMA.

A documentación que non reflecta a situación real da persoa candidata implicará a súa exclusión do proceso de selección.

FIRMADO POR María José Sesmonde Quinteiro (FECHA: 10/08/2022 13:28:00) , María Pilar Carro Veiras (FECHA: 10/08/2022 13:34:00) , Yolanda Cela Villaverde (FECHA: 10/08/2022 13:35:00) Versión imprimible

CVD: 8dPAwty84PRGxtfHHRaS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

Funcións:

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, entidade promotora e empresariado.

Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo, coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

- Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
- Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e ante o Concello de Ordes as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
- Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
- Colaborar na inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
- Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
- Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
- Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
- Exercerá as funcións de coordinación das obras do proxecto.
- Impartirá os módulos de xestión empresarial e iniciación á informática en coordinación coa titoría.

O contrato será a xornada completa.

Requisitos

Titulación esixida: Rama agrícola ou forestal, mínima Diplomatura.

Experiencia profesional mínima: 12 meses en ocupacións relacionadas coa titulación mínima.

Valoración do currículo

Titulación académica:

Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada á requirida :

- Diplomatura, 1 punto.
- Licenciatura ou grao, 1,5 puntos;
- Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; mais de 100 horas: 0,50 puntos
- Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento: 1,25 puntos
- Título técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos.
- Título técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,05 puntos.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **1,5 puntos**.

Experiencia profesional

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,20 puntos por cada mes completo traballado ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 4 puntos.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como "requisitos mínimos" indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima que se pode acadar son **9 puntos**.

Cursos realizados

Valoraranse unicamente os relacionados coas funcións a desenvolver e que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas. No caso de cursos relativos á preparación informática duplicarase a puntuación base no caso dos realizados a partir do 1/01/2016:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non puntuarán. A puntuación máxima que se

pode acadar son **2,5 puntos**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos.
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos.
- Celga 5: 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. Teranse unicamente en consideración o grao superior dos presentados.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes, actitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRE/A DA ESPECIALIDADE AGAR0309, ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES E AGAR0208 REPOBOACIÓNS FORESTAIS E TRATAMENTOS SILVÍCOLAS.

Funcións

A persoa seleccionada encargarase de impartir a formación correspondente ao seu oficio e de actuar como mestre/a da súa especialidade nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional do alumnado-traballador evaluando nestes aspectos aos mesmos..

Será contratado 1 mestre a xornada completa para impartir a especialidade, que se encargará de:

- 1.- Elaborar xunto coa dirección a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- 2.- Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas actuacións a executar. Incluirá a preparación previa dos contidos teórico-prácticos e a realización das actividades correspondentes.
- 3.- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador, do regulamento de réxime interno (asistencia, puntualidade, actitude...) e das normas de seguridade e saúde en particular.
- 4.- Notificará á dirección do obradoiro as incidencias das que teña coñecemento.
- 5.- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- 6.- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- 7.- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado-traballador.

Requisitos

Nivel académico: O establecido polo Real Decreto 682/2011, de 13 de mayo, que regula os certificados de profesionalidade da especialidade (BOE núm. 137 de 09 de xuño de 2011).

A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para a impartir de docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

Valoración do currículo

Titulación académica

-Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada ao obradoiro:

Diplomatura, 1 punto.

Licenciatura ou grao, 1,5 puntos.

Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; mais de 100 horas: 0,50 puntos.

Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.

Doutoramento: 1,25 puntos.

-Título técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos.

-Título técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,05 puntos.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **1,5 puntos**.

Experiencia profesional

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,20 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 4 puntos.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como "requisitos mínimos" indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima que se pode acadar é de **9 puntos**.

Cursos realizados

Valoraranse unicamente os relacionados coas funcións a desenvolver e que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas. No caso de cursos relativos á preparación informática duplicarase a puntuación base no caso dos realizados a partir do 1/01/2016:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non puntuarán. A puntuación máxima que se pode acadar é de **2,5 puntos**.

Cursos de formación

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

Cando se teña en conta algún curso para acreditar a competencia docente esixida no artigo 13 do Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, (B.O.E núm. 27 do 31/01/2008), na redacción dada polo Real Decreto 189/2013, do 15 de marzo (B.O.E núm 69 do 21 de marzo de 2013), non se puntuará ese mesmo curso neste apartado como mérito adicional.

A puntuación máxima é **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. Teranse unicamente en consideración o grao superior dos presentados.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Entrevista

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**.

Puntuación final

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DE TITORIA E MESTRE/IA DE ENSINO BÁSICO. MEDIA XORNADA..

Funcións:

Realizará labores de titoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro cos docentes. Así mesmo, encargarase da preparación do alumnado traballador que non conte coa titulación, para a obtención do título de Educación Secundaria Obrigatoria. Deberá ter experiencia profesional docente relacionada coa impartición de materias desta titulación académica

- 1.-Impartir o contido formativo relacionado cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto.
- 2.-Elaborar o material didáctico a entregar ao alumnado, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación.
- 3.-Elaborar a planificación didáctica e metodoloxía a utilizar, así como as probas de avaliación, de ser o caso.
- 4.-Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma, e detección de non conformidades; ademais da redacción das actas e exames
- 5.-Elaboración e preparación da documentación facilitada pola dirección
- 6.-Seguimento do alumnado e titorías individuais ou grupais co alumnado
- 7.-Impartir o Módulo transversal de igualdade de ser necesario.

8.-Impartir orientación e inserción laboral do alumnado durante o proxecto (en coordinación coa dirección do obradoiro)

9.-Impartir coñecementos de informática (en coordinación coa dirección do obradoiro).

O contrato será a media xornada.

Requisitos

Nivel académico: Grao en Mestre/a de educación primaria ou titulación equivalente.

Valoración do currículo

Titulación académica

- Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada ao obradoiro:
- Diplomatura, 1 punto.
- Licenciatura ou grao, 1,5 puntos;
- Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; mais de 100 horas: 0,50 puntos
- Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento: 1,25 puntos
- Título técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos.
- Título técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,05 puntos.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **1,5 puntos**.

Experiencia profesional

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,20 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 4 puntos.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como "requisitos mínimos" indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima que se pode acadar é de **9 puntos**.

Cursos realizados

Valoraranse unicamente os relacionados coas funcións a desenvolver e que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas. No caso de cursos relativos á preparación informática duplicarase a puntuación base no caso dos realizados a partir do 1/01/2014 :

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non puntuarán.

A puntuación máxima que se pode acadar é de **2,5 puntos**.

Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto

Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto

Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de 1 punto.

Coñecemento do idioma galego

Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos

Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos

Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só terase en consideración o grao superior.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**. Entrevista

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**.

Puntuación final

O candidato seleccionado será o que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

Funcións

Encargarase das tarefas administrativas do obradoiro, colaborando co director/a en todo canto lle sexa encomendado dentro do ámbito das súas competencias, en particular:

- 1.-Levar a contabilidade, arquivo de documentación.
- 2.-Realizar xestións telefónicas e supervisar a recepción de chamadas e a notificación das mesmas ás persoas interesadas.
- 3.-Actualizar e controlar o material de oficina e de docencia, así como a realización de inventarios.
- 4.-Asistir ás reunións, elaborando as actas e encargándose da documentación que se derive destas.
- 5.-Organizar o traballo de documentación e fotocopiado.
- 6.-Supervisar a entrada e saída de correspondencia e documentación, a súa distribución e redacción.
- 7.-Cubrir os formularios e demais documentación a solicitude da Xefatura Territorial e da entidade promotora

O contrato será a xornada completa.

Requisitos

Titulación: Técnico en Xestión administrativa ou Técnico superior en Administración e finanzas ou equivalentes, Certificados de profesionalidade ADGD0108, Gestión contable y gestión administrativa para auditoría e ADGD0308, Actividades de gestión administrativa.

Coñecementos informáticos: Manexo do paquete ofice: Nivel Superior.

Experiencia profesional: 36 meses na ocupación.

Valoración do currículo

Titulación académica

Titulación relacionada e axeitada ao obradoiro:

Título técnico superior da rama correspondente, equivalente ou Certificado de profesionalidade 3 na materia : 1,5 punto.

Título técnico da rama correspondente, equivalente ou Certificado de profesionalidade 2: 1 punto.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **1,5 puntos**.

Experiencia profesional

Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,20 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 5 puntos.

Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 4 puntos.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como “requisitos mínimos” indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima que se pode acadar é de **9 puntos**.

Cursos realizados

Valoraranse unicamente os relacionados coas funcións a desenvolver e que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas. No caso de cursos relativos á preparación informática duplicarase a puntuación base no caso dos realizados a partir do 1/01/2016 :

Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso

Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non puntuarán.

A puntuación máxima que se pode acadar é de **2,5 puntos**.

Coñecementos do idioma galego:

-Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos

-Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos

-Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. Teranse unicamente en consideración o grao superior dos presentados.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Entrevista

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**.

Puntuación final

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola baremación obxectiva e a entrevista.

Asdo:Dª Yolanda Cela Villaverde.

Asdo:Dª María José Sesmonde Quintero.

Aedl do concello de Ordes,

Aedl do concello de Mesía,

Asdo: Pilar Carro Veiras.

Aedl Concello de Frades.

